

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15003224	Fernando Blanco	Cee	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CSADG01	Administración e finanzas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0656	Simulación empresarial	2023/2024	8	140	168

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA ENCARNACIÓN FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

**2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo**

O ámbito produtivo baséase nas Pequenas e Medianas empresas, e fundamentalmente nas de sector servizos, que realizan tódalas funcións de carácter administrativo, polo que o curriculum adáptase nunha gran parte as necesidades de estas empresas.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Busca e maduración de ideas de negocio e elaboración do plan de empresa.	Busca, selección, maduración e avaliación de ideas de negocio. Necesidade do plan de empresa Fases de elaboración	15	12
2	Análise e diagnóstico da situación	Análise do contorno xeral específico do sector económico e do mercado.	20	12
3	O plan de marketing	Os obxectivos de marketing e o marketing mix da empresa.	20	12
4	O plan de produción ou prestación dos servizos	Descrición do produto ou servizo, dos equipamentos e do proceso de fabricación ou prestación	15	12
5	O plan de recursos humanos e a organización interna	As decisións de recursos humanos: postos, perfís, organización, política salarial.	18	12
6	O plan xurídico e fiscal	Formas xurídicas, trámites legais e marco legal específico.	20	14
7	O plan económico e financeiro	Estudio da viabilidade económica e financeira da empresa	45	14
8	O resumo executivo e a presentación do proxecto	o Resumo e presentación pública do proxecto	15	12

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	Busca e maduración de ideas de negocio e elaboración do plan de empresa.	15

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina os factores da innovación empresarial en relación coa actividade de creación de empresas.	NO
RA2 - Selecciona unha idea de negocio analizando o mercado.	NO
RA3 - Determina a organización interna da empresa, a forma xurídica e os recursos necesarios, para o que analiza as alternativas dispoñibles e os obxectivos marcados co proxecto.	NO

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Examináronse as facetas da innovación empresarial (técnicas, materiais, de organización interna e externa, etc.), relacionándoas como fontes de desenvolvemento económico e creación de emprego.
CA1.4 Determináronse as facetas do carácter emprendedor desde o punto de vista empresarial.
CA1.5 Seleccionáronse experiencias de innovación empresarial describindo e valorando os factores de risco asumidos en cada unha.
CA1.6 Propuxéronse posibilidades de internacionalización dalgunhas empresas como factor de innovación destas.
CA2.1 Avaliáronse as implicacións que leva consigo a elección dunha idea de negocio.
CA2.2 Diferenciouse entre o que pode ser unha simple idea e unha idea de negocio factible.
CA2.3 Sinaláronse as vantaxes e os inconvenientes das propostas de negocio.
CA2.4 Determinouse o produto ou servizo que se queira proporcionar coa idea de negocio.
CA3.3 Establecéronse claramente os obxectivos da empresa.
CA3.4 Relacionouse a organización establecida pola empresa co seu tipo e cos seus fins.
CA3.5 Identificáronse as funcións dentro da empresa

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Proceso innovador na actividade empresarial. Factores de risco na innovación empresarial: facetas da persoa emprendedora. Tecnoloxía como clave da innovación empresarial. Internacionalización das empresas como oportunidade de desenvolvemento e innovación. Axudas e ferramentas para a innovación empresarial. A persoa promotora e a idea. Selección de ideas de negocio. Plan de empresa.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Análise e diagnóstico da situación	20

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina os factores da innovación empresarial en relación coa actividade de creación de empresas.	NO
RA2 - Selecciona unha idea de negocio analizando o mercado.	NO
RA3 - Determina a organización interna da empresa, a forma xurídica e os recursos necesarios, para o que analiza as alternativas dispoñibles e os obxectivos marcados co proxecto.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.2 Relacionáronse a innovación e a iniciativa emprendedora coas implicacións que ten para a competitividade empresarial.

Criterios de avaliación
CA1.3 Valoráronse os aspectos inherentes á asunción de risco empresarial como motor económico e social.
CA2.5 Concretáronse as necesidades que satisfai e o valor engadido da idea de negocio proposta.
CA2.6 Identificouse a clientela potencial atendendo aos obxectivos do proxecto de empresa.
CA2.7 Efectuouse unha análise de mercado para comprobar se existe un nicho nel.
CA2.8 Efectuouse unha análise da competencia para situar o produto.
CA3.1 Identificáronse as principais características do sector empresarial en que se desenvolva a idea de negocio.
CA3.2 Recoñecéronse os tipos de empresas existentes.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Análise de mercados.
Actividade empresarial.
Competencia.

#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O plan de marketing	20

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona unha idea de negocio analizando o mercado.	NO
RA6 - Realiza a xestión da empresa proxecto nos seus diversos departamentos.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.5 Concretáronse as necesidades que satisfai e o valor engadido da idea de negocio proposta.
CA2.6 Identificouse a clientela potencial atendendo aos obxectivos do proxecto de empresa.
CA6.2 Xestionouse o proceso de comercialización dos produtos da empresa.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Factores de risco na innovación empresarial: facetas da persoa emprendedora.
Tecnoloxía como clave da innovación empresarial.
Plan de aprovisionamento.
Xestión comercial, de márketing e de recursos humanos na empresa.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	O plan de produción ou prestación dos servizos	15

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona unha idea de negocio analizando o mercado.	NO
RA3 - Determina a organización interna da empresa, a forma xurídica e os recursos necesarios, para o que analiza as alternativas dispoñibles e os obxectivos marcados co proxecto.	NO
RA4 - Comproba a viabilidade da empresa mediante diversos tipos de análise, tendo en conta os factores que poidan influír nela.	NO
RA6 - Realiza a xestión da empresa proxecto nos seus diversos departamentos.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Avaliáronse as implicacións que leva consigo a elección dunha idea de negocio.
CA2.4 Determinouse o produto ou servizo que se queira proporcionar coa idea de negocio.
CA3.5 Identificáronse as funcións dentro da empresa
CA3.7 Efectuouse unha asignación eficiente dos recursos necesarios.
CA4.8 Elaborouse un plan de viabilidade a longo prazo para poder efectuar unha mellor planificación na empresa.
CA6.1 Efectuouse unha planificación sobre as necesidades de aprovisionamento da empresa.
CA6.7 Valorouse a organización da propia tarefa.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Plan de aprovisionamento. Xestión da contabilidade como toma de decisións, das necesidades de investimento e financiamento, e das obrigas fiscais.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	O plan de recursos humanos e a organización interna	18

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a organización interna da empresa, a forma xurídica e os recursos necesarios, para o que analiza as alternativas dispoñibles e os obxectivos marcados co proxecto.	NO

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Realiza a xestión da empresa proxecto nos seus diversos departamentos.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.5 Identifícaronse as funcións dentro da empresa
CA6.3 Xestionáronse os recursos humanos.
CA6.7 Valorouse a organización da propia tarefa.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Plan de aprovisionamento.
Xestión comercial, de márketing e de recursos humanos na empresa.
Equipos e grupos de traballo. Traballo en equipo: toma de decisións. Confección e deseño dos equipos dentro da empresa creada.
Expediente do proxecto: elaboración e selección do destinatario.
Exposición pública do proxecto: técnicas de captación da atención. Destrezas comunicativas.
Uso de ferramentas informáticas na elaboración e na exposición do proxecto empresarial.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	O plan xurídico e fiscal	20



**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a organización interna da empresa, a forma xurídica e os recursos necesarios, para o que analiza as alternativas dispoñibles e os obxectivos marcados co proxecto.	NO
RA5 - Xestiona a documentación necesaria para a posta en marcha dunha empresa, analizando os trámites legais e as actuacións necesarias que levan consigo a realización do proxecto empresarial.	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.6 Seleccionouse a forma xurídica adecuada.
CA3.7 Efectuouse unha asignación eficiente dos recursos necesarios.
CA3.8 Recoñecéronse e seleccionáronse as posibles fontes de financiamento.
CA3.9 Valorouse a importancia de dotar a empresa da estrutura adecuada para o seu mantemento.
CA5.1 Recoñeceuse a esixencia da realización de trámites legais esixibles antes da posta en marcha dun negocio.
CA5.2 Diferenciáronse os trámites que se seguirían en función de forma xurídica que se elixa.
CA5.3 Identificáronse os organismos ante os que cumpra presentar os trámites.
CA5.4 Cubriuse a documentación necesaria para a constitución da empresa.
CA5.5 Realizáronse os trámites fiscais para a posta en marcha.
CA5.6 Realizáronse os trámites necesarios ante a autoridade laboral e a Seguridade Social
CA5.7 Realizáronse os trámites necesarios que cumpra realizar noutras administracións públicas á hora de abrir un negocio.
CA5.9 Valorouse a importancia do cumprimento dos prazos legais para a tramitación e a posta en marcha dun negocio.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Empresario ou empresaria.
Empresa: clasificación, forma xurídica, obxectivos, organización funcional e responsabilidade social.
Asignación de recursos.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	O plan económico e financeiro	45

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina os factores da innovación empresarial en relación coa actividade de creación de empresas.	NO
RA4 - Comproba a viabilidade da empresa mediante diversos tipos de análise, tendo en conta os factores que poidan influír nela.	SI
RA6 - Realiza a xestión da empresa proxecto nos seus diversos departamentos.	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.7 Definíronse axudas e ferramentas públicas e privadas para a innovación, a creación e a internacionalización de empresas, relacionándoas estruturadamente nun informe.
CA4.1 Efectuouse un estudo da viabilidade técnica do negocio.
CA4.2 Contrastouse o cumprimento da normativa legal do futuro negocio.
CA4.3 Comprobouse a accesibilidade das fontes de financiamento para a posta en marcha do negocio.
CA4.4 Efectuouse unha análise sobre a capacitación profesional para levar a cabo as actividades derivadas do tipo de negocio elixido.

Criterios de avaliación
CA4.5 Realizouse unha análise do impacto ambiental de proxecto de empresa.
CA4.6 Realizouse unha análise dos riscos laborais de proxecto de empresa.
CA4.7 Comprobouse a viabilidade económica por medio da análise de proxectos de investimento.
CA4.8 Elaborouse un plan de viabilidade a longo prazo para poder efectuar unha mellor planificación na empresa.
CA6.1 Efectuouse unha planificación sobre as necesidades de aprovisionamento da empresa.
CA6.2 Xestionouse o proceso de comercialización dos produtos da empresa.
CA6.4 Confeccionouse e verificouse a contabilidade da empresa.
CA6.5 Planificáronse as necesidades financeiras da empresa.
CA6.6 Analizouse a normativa fiscal e cumpríronse as obrigas fiscais.
CA6.7 Valorouse a organización da propia tarefa.

#### 4.7.e) Contidos

Contidos
Investimento na empresa.  Fontes de financiamento  Plan de viabilidade.  Análise económico-financeira de proxectos de empresa.

#### 4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	O resumo executivo e a presentación do proxecto	15

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Xestiona a documentación necesaria para a posta en marcha dunha empresa, analizando os trámites legais e as actuacións necesarias que levan consigo a realización do proxecto empresarial.	NO
RA6 - Realiza a xestión da empresa proxecto nos seus diversos departamentos.	NO

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.8 Recoñeceuse a existencia de trámites de carácter específico para determinados tipos de negocios.
CA6.8 Realizouse o traballo entre os membros do grupo.
CA6.9 Realizouse cada tarefa con rigor e corrección para obter un resultado global satisfactorio.
CA6.10 Materializouse nun expediente o proxecto empresarial e expúxose ao público.

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Trámites xerais para os diversos tipos de empresa.
Tramites específicos. Negocios particulares.
Autorizacións, instalación ou constitución.
Inscricións en rexistros.
Carnés profesionais.
Exposición pública do proxecto: técnicas de captación da atención. Destrezas comunicativas.
Uso de ferramentas informáticas na elaboración e na exposición do proxecto empresarial.

## 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos exixibles:

Facetas da innovación empresarial e do emprendedor.

Valorar o risco da innovación.

Diferenciar unha idea simple dunha factible e sinalar as ventaxas e desventaxas dunha idea de negocio.

Determinar o produto e servizo que se quera proporcionar coa idea de negocio.

Establecer os obxetivos da empresa e identificar as funcións dentro dela.

Relacionar a innovación e a iniciativa emprendedora coas implicacións que ten para a competitividade empresarial.

Concretar as necesidades que satisfai e o valor engadido da idea de negocio proposta .

Identificar a clientela potencial, efectuar o análise do mercado e da competencia.

Identificar as principais características do sector empresarial en que se desenvolva a idea de negocio.

Identificar as funcións dentro da empresa .

Efectuar unha asignación eficiente dos recursos necesarios.

Elaborar un plan de viabilidade e efectuar a planificación sobre as necesidades de aprovisionamento da empresa.

Xestionar os recursos humanos.

Seleccionar a forma xurídica adecuada.

Recoñecer as fontes de financiamento e valorar a estrutura adecuada da empresa para seu mantemento.

Identificar os trámites de constitución e posta en marcha.

Realizar os trámites fiscais para a posta en marcha, ante a autoridade laboral e Seguridade Social.

Efectuar un estudo da viabilidade técnica e a económica do negocio e unha análise da capacitación profesional para levar a cabo o negocio.

Contrastar a normativa legal.

Contrastar as fontes de financiación.

Efectuar unha planificación das necesidades de aprovisionamento da empresa.

Xestionar o proceso de comercialización dos produtos.

Confeccionar a contabilidade da empresa.

Recoñecer a existencia de trámites de carácter específico.

Realizar cada tarefa con rigor e corrección para obter un resultado global satisfactorio.

Materializar o proxecto empresarial e expoñelo en público.

Procedemento de avaliación:



No desenvolvemento das unidades didácticas nas que se divide o módulo, realízase un proceso de avaliación continua.

Para a determinación da calificación terase en conta:

B1. A entrega dos Traballos, Resolución de exercicios, actividades propostos e aspectos actudinais (10%)

B2. Os Cuestionarios ou Probas que se realicen (30%)

B3. O Plan de Negocio (60%), que a su vez se desdobra en:

1. Entrega dos Capítulos do Plan de Negocio. A este respecto:

As entregas que deba realizar o alumno tanto individual como en grupo deberán ser efectuadas nas datas e nos prazos estipulados polo profesor e nas condicións de contido e continente indicadas nas instrucións do principio do curso, e que se axusten as estimadas como pulcras e profesionais.

As que no cumbran estas condicións deberán ser rectificadas e novamente avaliadas

En caso de ser rechazadas por non cumprir as condicións anteriormente indicadas, serán puntuadas con 0 e a calificación recaerá sobre todos os integrantes do grupo.

2. Entrega do Plan de Negocio debidamente impreso, encuadernado ou no soporte tecnolóxico indicado. Para a súa valoración terase en conta a calidade e organización dos traballos, claridade de conceptos, presentación, autonomía de grupo, iniciativa de grupo, grado de orixinalidade ou innovación.

O plan de empresa realizarase en grupos que terán 2 membros (de forma excepcional poderán ser 3 alumnos ou 1), segundo o determine o profesor en función das circunstancias dos alumnos.

Ao remate do curso cada alumno terá que entregar o plan de empresa totalmente terminado e expoñelo ante o profesor e os alumnos, a exposición a farán todos os integrantes do grupo

Criterios de cualificación:

Probas Escritas e Listas de Cotexo (40 %). Plan de empresa (60%)

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades e os capítulos do plan de empresa que o alumno vai entregando a medida que os elabora serán avaliados polo profesor. Estes traballos serán devoltos ao alumno ou grupo de alumnos e se a avaliación é negativa terán que realizar as correccións necesarias para que o traballo teña unha avaliación positiva.

En canto ás probas que non fosen avaliadas positivamente terán que repetirse antes de realizar a avaliación previa FCT.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A avaliación continua do/a alumno/a require a asistencia regular ás clases.

Quen teña un total de faltas de asistencia non xustificadas ás aulas superior ó 10% do total do horario do módulo perderá o dereito, a continuar co procedemento ordinario de avaliación e coa Elaboración do Proxecto de Empresa co seu grupo, e deberá:

1. Continuar individualmente cun Proxecto (se o considera oportuno o profesor, e que podería ser unha adaptación do efectuado ata entón ou un novo, dependendo do momento no que se produza esta Pérdida do Dereito de Avaliación Continua)
2. O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua terá dereito a realizar unha única proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011.

Esta proba será valorada sobre 10 puntos debendo o-a alumno-a acadar unha puntuación de 5 ou máis para aprobar.

Presentarse a Proba Escrita Extraordinaria Final (proba de carácter obxectivo, que versará sobre os apuntes e/ou sobre o Proxecto realizado)

Para estes/as alumnos/as a nota final formarase pola media entre o Proxecto modificado (50 %) e coa Proba Escrita Obxectiva (50%), no caso de seleccionar unha sola acumularase o porcentaxe do outro.





## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Mensualmente realizarase unha valoración da evolución da programación

Ó final do ano realizase unha valoración global

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Observación de coñecementos, procedementos e destrezas do alumno durante o primeiro mes de clase

A avaliación inicial consistirá en:

- \* analizar as cualificacións dos módulos de primeiro curso
- \* observar a cuantificación coas realizadas por outros profesores e coa información do titor.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Atención personalizada na aula.

Establecemento de tarefas extraordinarias con seguimento particular polo profesor.

Medidas de adaptación curricular, cando sexan necesarias e segundo o establecido normativamente.

Para o alumnado que non sexa capaz de realizar as actividades con eficiencia e autonomía, ou que non sexa capaz de rematalas no prazo de tempo ordinario, elaborárase unha adaptación curricular que se corresponda coas súas capacidades. Como consecuencia desta adaptación curricular o alumno terá que realizar un proxecto de empresa individual.

A adaptación curricular terá en conta só os obxectivos mínimos e ademais estes valoráranse de acordo coas capacidades do alumno.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores cívicos e profesionais transmitese en cada unidade didáctica.  
Farase especial fincapé nos valores de responsabilidade e traballo en equipo.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Non esta previsto a realización de actividades complementarias, inda que se poderá propoñer algunha que xurda o longo do curso académico.